



**Resolución do 25 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros docentes de educación primaria e secundaria para a pilotaxe do proxecto europeo Erasmus+ KA3 “Assessment of Transversal Skills in STEM (ATS STEM)” co obxecto de avaliar as competencias STEM do alumnado.**

Os currículos de ensino primario e secundario afondan no cambio metodolóxico que representa a adquisición das competencias clave por parte do alumnado en liña co impulsado no contexto europeo, sobre todo a partires da Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, dispón, no artigo 6, das estratexias metodolóxicas para traballar as competencias na aula, ofrecendo orientacións para facilitar o desenvolvemento desas estratexias, no anexo II.

Neste sentido a Estratexia de Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) posta en marcha pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dispón de amplo apoio formativo e dá soporte ás diferentes accións levadas a cabo pola comunidade educativa, dentro da que o desenvolvemento de accións STEM é unha das dúas liñas de traballo.

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento das metodoloxías de ensino innovadoras é a participación dos centros educativos en programas europeos porque permite traballar conxuntamente con persoas expertas de distintos países e con organismos de diversas procedencias, de xeito que nun mesmo proxecto poden colaborar universidades, centros tecnolóxicos, centros educativos e empresas.

“Assessment of Transversal Skills in STEM” (en diante, ATS STEM), é un proxecto cofinanciado Europeo Erasmus+ centralizado, da Acción Clave 3, sobre reformas de políticas educativas. O proxecto, coordinado pola Dublin City University (DCU), conta con outros 11 organismos de distintos países da U.E. entre os que se atopa a Consellería de Educación, Universidade e F.P.

O proxecto ATS STEM proporá como produto final, a través da avaliación das competencias STEM, un modelo de aprendizaxe integral para a mellora das competencias transversais STEM dos estudantes, incluíndo os currículos nacionais da UE, a formación do profesorado cos enfoques modernos e ferramentas innovadoras para a avaliación destas habilidades.

Neste proxecto ATS STEM recolleranse datos de 8 países, en aulas de 200 centros educativos de toda Europa que involucrarán a un elevado número de alumnado dos países participantes no proxecto. Os centros participantes na recollida de datos de pilotaxe utilizarán as indicacións elaboradas a través do proxecto ATS STEM do mesmo xeito en todos os países implicados.

A través de amplas actividades de difusión, o proxecto aportará datos útiles para o debate en torno ao desenvolvemento e avaliación de competencias transversais STEM na educación primaria e secundaria. Esta evidencia axudará aos Ministerios de Educación dos diferentes países e á Comisión Europea a seguir formulando políticas baseadas en datos reais e a apoiar estratexias para a súa posta en marcha, desenvolvemento e avaliación de competencias transversais STEM en toda Europa.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo  
San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)



Pódese atopar máis información relativa ao proxecto e aos socios participantes en:  
<http://www.atsstem.eu> e [https://twitter.com/stem\\_ats](https://twitter.com/stem_ats).

As pilotaxes aportarán unha mostra significativa que permitirá colaborar e tomar decisións baseadas na evidencia.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que coordina as intervencións da Consellería de Educación, Universidade e F.P. en materia de ordenación educativa, establece as seguintes bases para a selección de centros docentes:

### **Primeiro. Obxecto da convocatoria**

Seleccionar 25 centros docentes de Galicia para realizar a pilotaxe do proxecto ATS STEM que se desenvolverá ao longo do curso 2020/21.

### **Segundo. Destinatarios**

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes que impartan as ensinanzas de educación de ensino primario e secundario e que conten con profesorado disposto a formar parte da pilotaxe do proxecto europeo KA3 ATS STEM.

### **Terceiro. Requisitos**

Os centros educativos participarán no proxecto coa implicación dun mínimo de dous docentes en primaria e de tres en secundaria de calquera materia que impartan nun mesmo nivel. No caso da educación primaria é recomendable que un dos docentes participantes sexa a persoa titora do nivel. O número de docentes participantes debería garantir a colaboración interdisciplinar.

Excepcionalmente, en caso de que o centro desexe formar parte do proxecto e non conte co número establecido de profesorado, cabe a posibilidade de contar cun só docente.

O alumnado obxecto da convocatoria debe estar na franxa de idade comprendida entre os 10 e os 15 anos. Os cursos aos que se dirixe esta convocatoria son 5º e 6º de EP e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

### **Cuarto. Desenvolvemento da pilotaxe**

1. O profesorado deberá empregar o modelo ATS STEM proposto para as actividades programadas que se determinen, centradas na avaliación formativa das competencias clave transversais STEM.
2. O profesorado participará na formación que se deseñe para o correcto desenvolvemento da pilotaxe do proxecto e contará con apoio ao longo do curso.
3. Os grupos seleccionados de alumnado deberán responder cuestionarios, deseñados no marco do proxecto ATS STEM, en tres momentos: antes do inicio do proxecto, durante o seu transcurso e unha vez rematado, co obxecto de comprobar a repercusión no desenvolvemento das competencias clave transversais STEM no alumnado.
4. En cada centro educativo, un dos docentes participantes exercerá como persoa coordinadora do proxecto e persoa de contacto coa Consellería de Educación, Universidade e F.P.



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea





5. A Consellería de Educación, Universidade e F.P. nomeará un avaliador/a que levará a cabo o seguimento e avaliación destas actividades e difundirá a través do portal educativo e doutros medios ao seu dispor aquelas experiencias que sexan de especial interese pola calidade e repercusión das súas propostas.

#### **Quinto. Solicitudes e prazo de presentación**

Os centros participantes deberán cubrir a solicitude segundo o modelo recollido no **Anexo I**.

A solicitude presentarase desde o día seguinte da publicación da presente resolución no portal educativo, ata o 21 de setembro de 2020 inclusive e dirixirase á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>.

Coa finalidade de axilizar a tramitación, a solicitude deberá enviarse tamén ao enderezo electrónico: [stem@edu.xunta.gal](mailto:stem@edu.xunta.gal).

#### **Sexto. Criterios de selección**

Para a selección de centros que desenvolvan a pilotaxe do proxecto ATS STEM, ademais dos requisitos recollidos nas bases segunda e terceira, valoraranse cun máximo de cinco puntos os seguintes aspectos:

- Experiencia do centro en programas europeos Erasmus+ KA2 e KA3. Por cada proxecto 2 puntos.
- Experiencia do centro en programas europeos Erasmus+ KA1. Por cada proxecto 1 punto.
- Participación en convocatorias STEM (robótica primaria, espazos maker, clubs de ciencia, STEMbach, E-Dixgal, semana stem). Por cada convocatoria 1 punto. Neste caso, non é preciso remitir documentación xustificativa ao constar os datos na Consellería de Educación, Universidade e F.P.

#### **Sétimo. Comisión de avaliación e resolución**

Baixo a presidencia da persoa responsable da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada por:

- A persoa responsable da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado
- A persoa responsable da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do sistema educativo
- A persoa responsable do Servizo de Formación do Profesorado
- A persoa responsable do Servizo de Xestión Económica e de Educación de Persoas Adultas
- As persoas asesoras de Programas Educativos Europeos.
- Un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que actuará como secretario/a con voz e sen voto.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo  
San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

galicia

Esta comisión, revisadas as solicitudes presentadas, elaborará unha proposta provisional. Á vista desta proposta, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa seleccionará e comunicará aos centros a resolución desta convocatoria.

### **Oitavo. Formación**

As persoas participantes na pilotaxe ATS STEM serán convocadas pola dirección xeral a actividades de formación específica vinculadas ao programa durante o curso 2020/21.

### **Noveno. Certificación**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional certificará, segundo a normativa vixente, a participación na pilotaxe que teña unha avaliación positiva, como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López





ANEXO I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NA PILOTAXE PROXECTO EUROPEO ERASMUS+ KA3 "ASSESSMENT OF TRANSVERSAL SKILLS IN STEM (ATS STEM)	SOLICITUDE

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL CÓDIGO NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM BLOQ ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE

ETAPA E CURSO

Educación Primaria  
 5º Educación Primaria  6º Educación Primaria

Educación Secundaria  
 1º ESO  2º ESO  3º ESO  4º ESO

PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIAS STEM E E-DIXGAL

Robótica Primaria  
 semanaSTEM  
 Club de ciencia  
 E-Dixgal  
 STEMBach  
 Espazos Maker

PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS

Erasmus + KA1  
NOME DO PROXECTO

Erasmus + KA2  
NOME DO PROXECTO

Erasmus + KA3  
NOME DO PROXECTO

CVE: xBKjohdE40  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





## ANEXO I

(continuación)

## PROPOSTA PARA A COORDINACIÓN DO PROXECTO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	MATERIA/ÁREA(*)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(\*) No caso de que o docente sexa titor/a en Educación Primaria cubrir poñendo: "TITOR" ou "TITORA"

## OUTROS DOC(ENTES PARTICIPANTES)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	MATERIA/ÁREA(*)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(\*) No caso de que o docente sexa titor/a en Educación Primaria cubrir poñendo: "TITOR" ou "TITORA"

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 25 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros docentes de educación primaria e secundaria para a pilotaxe do proxecto europeo Erasmus+ KA3 "Assessment of Transversal Skills in STEM (ATS STEM)" co obxecto de avaliar as competencias STEM do alumnado.

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

